



I-antr'a silva silvareira
i-agua de verde ha nacer-e
menina qu'está na fonte
dáme acá de beber-e

I-a pedriña pedrexada
tocadiña i-o amor-e
cal será i-a máis dichosa
que dá i-agua a este señor-e

Ai que agua tan sabrosa,
ai que copo tan precioso
oh que linda rosa esta
s'inda non tivera esposo

I-esta rosa qu'aquí está
resulta por vida vos
esta rosa que aquí está
xa é doutro, non é vos

Eu ben sei que non é miña
inda pode vir a ser

I-a palabra está ben dita
meu amor, ben a dixech
se non sabe-lo camiño
volta por donde viñech

I-o camiño d'onde vin
vén o vexo derd'aquí
inda espero de levar
esta rosa ó par de ti

Esta rosa ó par de ti
nin a levas ni a vitareis (¿)
volta per ca outro día
que resposta levareis

Non volto per ca outro día
nin ghasto soles de balde
nin quero cousas á forza
sin ser da túa vontade

Non ghastras soles de balde
que che custa o teu diñeiro
inda te podes ghabar-e
que foche tu o primeiro

#3661



Ben sei que fun o primeiro
ben sei que fun inorante
i-arrepnd'ese corpiño
e tiráteme de diante

Ai de min qu'estou rendida
todo canto pode ser
manda chamar nosos pais
e trata de me manter